



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL
SAÍDA

005455 10.06.2014 09:01

Á vista do escrito de don José Manuel Vila Abad, Director en funcións do Departamento de Química Inorgánica da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización de prácticas da titulación de Grao en Química impartido na Facultade de Química, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que o Departamento de Química Inorgánica arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Grao en Química da Facultade de Química, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado,

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado da titulación do Grao en Química nas instalacións dos laboratorios do Departamento de Química Inorgánica que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, e a súa duración é a que establece o plano de estudos.

Estas prácticas realizaranse no período que determine a Facultade de Química de acordo coa Dirección do Departamento de Química Inorgánica, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no Departamento de Química Inorgánica non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Química, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Departamento de Química

Inorgánica nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do Departamento de Química Inorgánica.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Departamento de Química Inorgánica emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.

- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2014

O REITOR



San José Casares Long

SR.. DECANO DA FACULTADE DE QUIMICA

D. JOSE MANUEL VILA ABAD

SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA